

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CD3SAN000500	Laboratorio clínico e biomédico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo	2024/2025	1	30	36

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CONCEPCIÓN GONZÁLEZ TUBIO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional do título de técnico superior en Laboratorio Clínico e Biomédico determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A sostenibilidade e os seus retos	Ecosistema, equilibrio e alteración ligada a actividade humana. A sostenibilidade, cambio climático e o programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (2021)	6	16
2	Axenda 2030 e Obxectivo do Desenvolvemento Sostible	Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible: definición, metas e indicadores. medidas da Unión Europea e de España: Axenda 2030 ,Pacto Verde,...	6	16
3	Aspectos ASG (criterios Ambientais, Sociais e Gobernanza)	Normas Europeas de Información sobre Sostenibilidade e Criterios AGS	6	17
4	Deseño e Producción Sostible	Ciclo da Vida do Produto e Economía Linela. Economía Verde e Circular	6	17
5	Medidores de Sostenibilidade	Indicadore de Desempeño , Sistema de Xestión Ambiental e Certificados de Sostenibilidade . Inversión Sociamente Responsable (ISR)	6	17
6	Plan de Sostenibilidade	Estándares GRI (Global Reporting Initiative). Normas NEIS (Normas Europeas de Información sobre Sostenibilidade)	6	17

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A sostenibilidade e os seus retos	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o concepto de sustentabilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sustentable
CA1.2 Identifícaronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.3 Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA2.1 Identifícaronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identifícaronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.</p> <p>Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.</p> <p>Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.</p> <p>Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos</p> <p>Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.</p> <p>Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Axenda 2030 e Obxectivo do Desenvolvemento Sostible	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA3.1 Identifícaronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS
CA3.4 Identifícaronse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS

4.2.e) Contidos

Contidos
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.

Contidos
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Produtos sustentables: ecodeseño.
Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.
Aplicación de estratexias sustentables.
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aspectos ASG (criterios Ambientais, Sociais e Gobernanza)	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícanse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.4 Analízase a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 Identifícanse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA3.1 Identifícanse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan

4.3.e) Contidos

Contidos
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.
Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Deseño e Producción Sostible	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	SI
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA4.1 Determináronse os modelos de produción e consumo actual

Criterios de avaliación
CA4.2 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 Aplicáronse principios de ecodesenho
CA4.6 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.1 Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.4 Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 Aplicáronse principios de ecodesenho
CA5.6 Aplicáronse estratexias sustentables
CA5.7 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.9 Aplicouse a normativa ambiental

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.

Contidos
<p>Produtos sustentables: ecodeseño.</p> <p>Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.</p> <p>Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.</p> <p>Análise das fases do ciclo de vida do produto.</p> <p>Aplicación dos principios da economía verde e circular.</p> <p>Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Medidores de Sostenibilidade	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Identifícanse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores
CA2.2 Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica

4.5.e) Contidos

Contidos
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.
Cumprimento de normativa ambiental.
Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.
Análise das fases do ciclo de vida do produto.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Plan de Sostenibilidade	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	NO
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA6.1 Identificáronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados
CA6.5 Elaborouse un informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Piars ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións.</p> <p>Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.</p> <p>Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.</p> <p>Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.</p> <p>Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.</p> <p>Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.</p> <p>Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Un criterio de avaliación denomínase mínimo exigible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe. Que un Criterio de Avaliación (CA) se declare como mínimo exigible implica que o alumnado deberá superar (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a Unidade Didáctica. Para a presente programación considéranse mínimos exigibles os reflexados nas táboas de cada Unidade Didáctica estudiada no apartado 4 e cuxa superación será necesaria para a cualificación positiva do módulo.

O cálculo da cualificación de cada Unidade Didáctica farase aplicando o peso da cualificación de cada Criterio de Avaliación reflexado no apartado 4 tendo en conta o requisito dos mínimos exigibles.

As probas escritas suporán un 60% da cualificación, os exercicios propostos, prácticas de clase suporán un 20% e un traballo voluntario realizado e presentado sobre un tema relacionado coa materia 20% (. Co resultado que sae da cualificación das Unidades Didácticas aplicaranse os pesos de cada unidade reflexados no apartado 3 obtendo así a cualificación de cada avaliación e a final.

A distribución aproximada de Unidades Didácticas en cada avaliación será a seguinte:

-1ª avaliación: UD1 e UD2

-2ª avaliación: UD3 e UD4

-3ª avaliación: UD5 e UD6

A cualificación de cada avaliación resultará de calcular a cualificación das Unidades Didácticas correspondentes e aplicarlle os porcentaxes de peso correspondentes sobre da suma que supoñen ambas. A cualificación final correspóndese coa cualificación de cada Unidade Didáctica ponderada polo peso da mesma sobre o total do curso.

$$\text{Nota FINAL} = (\text{nota UD1} \cdot 0.16) + (\text{nota UD2} \cdot 0.17) + (\text{nota UD3} \cdot 0.17) + (\text{nota UD4} \cdot 0.17) + (\text{nota UD5} \cdot 0.17) + (\text{nota UD6} \cdot 0.16)$$

NOTA: En tódolos casos aplicando o condicionante dos mínimos exigibles como xa se mencionou anteriormente.

NOTA: Se o módulo foi superado nas súas tres avaliacións, a cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ao ter que ser coincidente por normativa de avaliación continua.

NOTA: A cualificación de cada Unidade Didáctica resulta de facer o produto das cualificacións de cada lista de cotexo ou táboas de observación polo peso indicado nas táboas do apartado 4 e sumarlle a nota das probas escritas tamén aplicándolles os correspondentes pesos.

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables, e unha nota total de 4,5 puntos no conxunto de probas para obter unha cualificación positiva de cada Unidade Didáctica e polo tanto na avaliación. De non ser así deberá recuperar Un criterio de avaliación denomínase mínimo exigible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe. Que un Criterio de Avaliación (CA) se declare como mínimo exigible implica que o alumnado deberá superar (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a Unidade Didáctica. Para a presente programación considéranse mínimos exigibles os reflexados nas táboas de cada Unidade Didáctica estudiada no apartado 4 e cuxa superación será necesaria para a cualificación positiva do módulo.

Se a nota resultante estivera formada por un número enteiro e un decimal, e este decimal estea comprendido entre 0,6 e 0,9 , a nota final sería o número enteiro superior correspondente

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado

implicado na dita acción e suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade segundo se indica no apartado 6. non superadas seguindo o que se indica no apartado 6.

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción e suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade segundo se indica no apartado 6.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

Para o alumnado coa primeira ou segunda avaliacións suspensas, o profesorado poderá, se así o decide, programar unha proba de recuperación teórico - práctica para cada avaliación, e na que deberán obter como mínimo 5 puntos sobre un total de 10.

Ademáis poderáselle encargar actividades e exercicios (tarefas) a realizar e que deberán entregar ao docente, en prazo, para a súa corrección e valoración.

PERIODO DE RECUPERACIÓN DE XUÑO:

Para o alumnado coa primeira, segunda ou terceira avaliacións suspensas, realizarase unha proba final que abarcará a parte ou partes suspensas. A proba será de carácter teórico - práctico, e na que deberán obter como mínimo 5 puntos sobre un total de 10.

Ademáis poderáselle encargar actividades e exercicios (tarefas) a realizar e que deberán entregar ao docente, en prazo, para a súa corrección e valoración

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba de avaliación extraordinaria no prazo determinado polo calendario do Instituto. A devandita proba será escrita e non ten porque ser a mesma que a dos alumnos que, non perdendo a avaliación continua, teñan que recuperar algunha ou todas as unidades didácticas.

A proba farase en referencia aos criterios de avaliación considerados como mínimos esixibles de cada unha das unidades didácticas. A ponderación global da cualificación realizarase seguindo as porcentaxes establecidas en cada un dos criterios de avaliación, extrapoladas proporcionalmente e repartidas de forma alicuota entre o total das unidades didácticas cos seus pesos respectivos..

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.

No caso de modificacións na programación, xustificarse debidamente e deixarse o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do

Departamento da familia profesional.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma, tal como este:

Nº Aspecto a avaliar.Observacións. Avaliacións

1 Ámbito produtivo

2 Desenvolvemento

3 Secuenciación /Temporalización

4 Avaliación

5 Metodoloxía didáctica

6 Temas transversais

7 AANEE

8 Sistema Extraordinario de avaliación

9 Sistema de recuperación pendentes

10 Actividades complementarias e extraescolares

11 Sistema Avaliación PD e PD

12 Sistema Información ao alumnado

Con respecto a metodoloxía docente se utilizarán clases maxistrals, con apoio en presentacións dixitais e videos nas clases máis teóricas, fomentando a participación dos alumnos e a realización de tarefas prácticas, exercicios para entregar, maquetas ,traballos individuais , grupales ou resumes.

Durante as clases prácticas, se realizan exercicios simulacións nas aulas talleres utilizando os materias e equipamento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O Artigo 5º da orde do 30 de Xullo de 2007 regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas da formación profesional inicial, DOGA de 9 de Agosto de 2007.

O xeito de facela é moi sinxelo: aplicando o sentido común da observación do alumnado e a enquisa persoal, sobre os diferentes aspectos que veñen na orde, describindo as características do grupo, facendo un informe da avaliación individualizado con datos coma a data de nacemento, o lugar de orixen do alumnado, acceso ao ciclo, modalidade de bacharelato, estudos previos, experiencia profesional previa, expectativas profesionais, e describindo as dificultades atopadas hasta o momento da enquisa ou una proba dos coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo.

Logo, tómanse as decisión adoptadas en función do descrito anteriormente. A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de comezo do curso escolar e en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

Habilitarase tódolos recursos para a integración do alumnado có resto do alumnado. Se houberse alumnado que precisase de material complementario para poder abordar o módulo por carecer de formación suficiente ó respecto, terase en conta ó principio de curso. No caso de haber alumnado con discapacidade motora ou sensorial, atenderanse as súas necesidades específicas da mellor maneira posible, contando coa axuda e coas indicacións do departamento de orientación e tamén coa dirección do centro no relativo á infraestrutura que fose necesario.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de xullo, o titor levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na Formación Profesional cóntase co reforzo educativo e a adaptación Curricular non significativa como elementos de axuda para axustarnos ás necesidades dos alumnos. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é a profesora, que coordinará a elaboración e implantación do reforzo ou a adaptación curricular non significativa, coa colaboración do Departamento de Orientación do Centro Educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo.

A adaptación curricular non significativo será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

- Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título.
- Se fose necesario, solicitarase asesoramento e colaboración do departamento de orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional.

O fin destas medidas será permitir ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ó longo de todo o curso e no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe está implícito o traballo en grupo e o contacto con outras persoas, polo que é importante favorecer, fomentar e traballar os seguintes aspectos:

- Igualdade e inclusión como resposta á diversidade.
- Educación cívica e educación para a convivencia.
- Integración do alumnado con discapacidade.
- Liberdade de pensamento.
- A educación para a saúde.

- A necesidade de manter o segredo profesional.
 - O uso de enerxías renovables, a reciclaxe e a sustentabilidade.
- Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, material de traballo... traballaranse a través de diferentes actividades.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En función da programación do Departamento de Sanidade, valorarase a asistencia dos alumnos deste módulo a actividades complementarias ou extraescolares que teñan relación cos contidos da Familia Profesional, e en concreto co ciclo e co módulo formativo que están cursando.

Concretamente consideraranse actividades tales como:

- Visita do alumnado a biblioteca do centro para informarles do material bibliográfico.
- Asistencia a xornadas ou congresos.
- Visitas a empresas do sector sanitario específicas.
- Participación en concursos destinados a alumnos deste Ciclo Formativo
- Charlas impartidas no Centro Educativo por profesionais acreditados do sector sanitario
- Visitas a outras CCAA para asistir a eventos do sector sanitario, etc.

10.Outros apartados

10.1) 1

O profesor/a fará unha presentación do módulo na primeira sesión, así como dos recursos existentes e da programación do módulo, informando do contido de cada unha das unidades didácticas e indicando claramente os criterios de avaliación empregados.

Esta exposición realizarase de forma oral.

Recordaráselle aos alumnos a prohibición do uso e manexo de dispositivos de telefonía móbil na aula e durante as actividades lectivas (exames, prácticas...) así tamén a gravidade das sancións que conleva non acatar as normas establecidas.

As clases levaranse a cabo mediante a modalidade de "clase maxistral participativa" con apoio e uso das TIC e clases prácticas. Este ano utilizarase o libro de "Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo" da editorial Mc Graw Hill, como apoio ás anotacións e explicacións dadas na aula das unidades didácticas. A razón principal é que, unha vez revisado o texto, este libro asustase en máis de un 80% ao noso currículo.

Este curso, a docente entregará as apuntes, os alumnos poden apoiarse en anotacións e explicacións dadas na aula das unidades didácticas. Para cada U.D, a profesora explicará os recursos dos que vai a dispoñer ao alumnado.

Ademáis, poderá contar cós recursos complementarios que considere a profesora (bibliografía, glosario de termos, tarefas..).

O alumnado realizará as tarefas (teórico-prácticas) recollidas nesta programación, en tempo, forma e prazo. O devenir do curso, poderá variar algunhas das tarefas do mesmo por necesidades de axuste académico